



CERTAME "AS IMAXES DO PATRIMONIO"



## 5º CERTAME DE IMAXES DO PATRIMONIO

### FALLO DO XURADO

Reunidos Anxo Cabada profesor e fotógrafo, Xerardo Pereiro profesor e antropólogo, Cristina Sánchez-Carretero investigadora e antropóloga e Xerardo Feijoo membro da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas! actuando como secretario con voz e sen voto, constitúense como Xurado do 5º Certame de fotografía “Imaxes do patrimonio” e

### ACORDAN

1º.-Agradecer aos centros de ensino, profesorado e alumnado a súa participación neste **5º Certame de fotografía “Imaxes do patrimonio”** convocado pola **Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas!** co que se pretende, como obxectivo preferente, descubrir ás novas xeracións a existencia dun rico e variado Patrimonio Cultural, para o que propuxemos que á iniciativa dos centros escolares os alumnos e alumnas buscaran, na compañía dos seus familiares, aquelas fotos que conteñan elementos dese patrimonio que queremos dar a coñecer. Nas bases e como complemento desta busca solicitabamos que se completara a participación no certame coa inclusión dun texto explicativo da imaxe.

2º.-O Xurado valorou a gran calidade da maioría dos traballos presentados a concurso e o esforzo mostrado na elaboración do texto que acompaña a cada unha das fotografías polo que propón á entidade que convoca o certame que xestione o deseño de actividades que permitan mostrar e difundir as fotografías presentadas, dada a súa calidade e interese, para a súa divulgación e para que sirvan como estímulo e exemplo para outros proxectos educativos similares.

3º.-Logo das correspondentes deliberacións, os membros do Xurado acordan outorgar os seguintes premios nas distintas categorías establecidas polas Bases do Certame,



# CERTAME DE IMAXES

## Categoría Ensino Primario/Ensino Básico

**1º Premio:** Yoel Ares Gómez (4º E.P.)

Escola: CEIP da Ramallosa

Título “A emigración: a radio (1956)”

**2º Premio:**

CEP Altamira (Salceda de Caselas)

Título: Mulleres no lavadoiro do edificio da praza de abastos de Ourense.

**3º Premio:** Joana Correia,

Escola: Agrupamento Escolas Vale do Tamel (Barcelos)

Título: Saudade

**Accesit:** Elisa de Almeida Mouteira (3ºC)

Escola: CEP Altamira (Salceda de Caselas)

Título: A Torre Eiffel e a emigración

## **Categoría Ensino Secundario Obrigatorio / Ensino Secundario**

**1º Premio:** Amaia Troncoso Monteiro

Escola: IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas)

Título: Rancho de Reis

**2º Premio :** Irene Briones Álvarez (3º ESO B)

Escola: IES Auga da Laxe (Gondomar)

A avoa Gloria, modelo involuntaria

**3º Premio:** Maria Clara Martins Pires (9ºA)

Escola Básica Dr. Flávio Gonçalves (Póvoa de Varzim)

Título: Casa de banhos

**Accesit:** Héctor Castelló López (2º ESO E)

Escola: IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)

Título: Festas patronais



## CERTAME DE PODCAST

### **Categoría Ensino Primario/Ensino Básico**

Premio: Carolina, Gael e Itziar  
Escola: CEIP da Ramallosa (Teo),

### **Categoría Ensino Secundario Obrigatorio / Ensino Secundario**

Premio: Cristina Louredo Pérez  
Escola: IES Alexandre Bóveda

**Accesit:** Carmen Iglesias Fernández  
IES San Rosendo de Mondoñedo

### **Premio Especial do Xurado**

O xurado acorda por unanimidade e fora de todas as categorías conceder unha mención CEP Carlos Casares de Alxén, Salvaterra de Miño polo excelente traballo de Recolla do Patrimonio titulado "Proxecto Patrimonio no CEP Carlos Casares" no que usando 58 fotografías de diversos ámbitos do Patrimonio mergullan ao alumnado na investigación e coñecemento de importantes aspectos do Patrimonio Cultural.

Vigo a 10 de setembro de 2022